

Glosario de locucións adverbiais do galego medieval¹

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela

Nos últimos tempos estase traballando no desenvolvemento de ferramentas informáticas que permiten un acceso moito máis doado e produtivo ao galego da Idade Media. Refírome, concretamente, ao *Tesouro medieval informatizado da lingua galega* (TMILG) e ao *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (DDGM), actualmente en prensa. A partir deste último, e co auxilio do primeiro, elaboro un glosario das locucións adverbiais rexistradas polos autores de catorce vocabularios do galego medieval.

Palabras clave: fraseografía, locucións adverbiais, galego medieval.

There has lately been work on developing computing tools to allow a much easier and more productive access to Medieval Age Galician. I am referring particularly to the *Tesouro medieval informatizado da lingua galega* (TMILG) and to the *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (DDGM), which is currently being printed. Based on the latter and with the help of the former, a glossary of adverbial idioms registered by the authors of fourteen vocabularies of medieval Galician has been made.

Key words: phraseography, adverbial idioms, medieval Galician.

1. A macroestrutura

1.1 O corpus e a selección

A maior parte dos glosarios do galego medieval dan entrada, ao carón de unidades monoverbais, a expresións pluriverbais fixas, almacenadas como un todo na memoria: locucións (preposicionais, verbais, adverbiais...), compostos sintagmáticos, fórmulas, refráns... O obxectivo deste traballo é agrupar e ordenar un subgrupo desas expresións,

¹ Este traballo realizouse no marco dos proxectos *Estudio contrastivo sociolingüístico e fraseológico entre o (baixo) alemán e o galego* (PGIDIT04PXIA20402PR), financiado pola Xunta de Galicia, e *Dicionario de dicionarios históricos galegos*, financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (BFF2000-0502) e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través dun convenio co Instituto da Lingua Galega.

as locucións adverbiais, para contribuír ao coñecemento do repertorio fraseolóxico do galego medieval. Así pois, ofrezo unha recompilación das locucións adverbiais recollidas nos glosarios abajo indicados, os cales constitúen o corpus da primeira edición do *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (DDGM), coordinado por E. X. González Seoane (ordeno os traballos polas referencias que empregarei no meu glosario)²:

ACS: *Léxico das actas do Concello de Santiago*, de Fernando Tato (inédito)³.

Amigo: Glosario que acompaña a edición de José Joaquim Nunes das *Cantigas d' Amigo dos trovadores galego-portugueses*.

CA: *Glossário do Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis de Vasconcelos.

CE: *Vocabulário Galego-Português*, extraído da edição crítica das “Cantigas d' escarnho e mal-dizer”, de Rodrigues Lapa.

CN: Glosario incluído na obra inédita de M. Carme Barreiro *A documentación notarial do concello de Noia* (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico.

Cronol.: *Sobre cronología do vocabulário galego-português*, de Ramón Lorenzo.

CSM: Glosario que acompaña a edición de Walter Mettmann das *Cantigas de Santa María de Afonso X*, elaborado a partir da edición de Martínez Salazar.

CT: *Vocabulario de la Crónica Troyana*, de Kelvin M. Parker.

HT: *Vocabulario clasificado de los folios gallegos de la Historia Troyana*, de Kelvin M. Parker.

LNAP: Glosario do *Libro de notas de Álvaro Pérez*, de Fernando Tato.

MS: *Léxico dos Miragres de Santiago*, de M. Carme Barreiro (inédito), elaborado a partir da edición de José Luis Pensado.

TC: Glosario de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, de Ramón Lorenzo, recollido no segundo volume da publicación.

Glosario que acompaña a edición de José Joaquim Nunes das *Cantigas d' Amor dos Trovadores galego-portugueses*.

Vocabulario de gallego medieval en documentos del s. XIII anteriores a 1275 (inédito), elaborado por M. de Miguel Clavé a partir dos textos editados por Martínez Salazar (*Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*)⁴.

O DDGM⁵, cuxa primeira edición, no momento de redactar este traballo, se atopa na fase final de elaboración, é un dicionario electrónico no que se pretenden reunir as diferentes

² Se non se indica nada, debe entenderse que edición e glosario pertenecen ao mesmo autor. Exceptúase, polo seu diferente carácter, a *Cronología* de Ramón Lorenzo.

³ Véxanse as referencias completas na bibliografía final.

⁴ Non hai remisións a estas dúas últimas obras.

obras lexicográficas (publicadas e inéditas) que recollen o corpus léxico dos textos medievais galegos ou galego-portugueses. Este dicionario permite, entre outras moitas posibilidades, a localización das expresións pluriverbais recoñecidas dunha ou outra maneira polos autores dos glosarios e etiquetadas como tales polos creadores do DDGM. O meu traballo realizouse partindo da marcación manual previa á etiquetaxe en XML.

Dentro das unidades pluriverbais identificadas non só teñen cabida locucións e enunciados fraseolóxicos, senón tamén perífrases verbais, construcións con verbo de apoio (*dar resposta, fillar pousada...*), clixés, etc. De por parte, a súa presentación e tratamiento nos diferentes glosarios é moi variable. Poden figurar como lemas, como sublemas ou mesmo en formato de exemplos; nalgúns casos ofrécese o significado, a categoría gramatical e un ou varios exemplos, mentres que outras veces só se dá conta da existencia da expresión. Caben, ademais, presentacións intermedias entre un e outro tipo de tratamento.

Tomando como punto de partida este heteroxéneo conxunto de expresións, a primeira tarefa consistiu na localización das locucións con carácter adverbial. Dado que na maior parte dos casos está ausente a marca categorial *adv* (deixando xa a un lado as que, ao meu parecer, son etiquetas incorrectas), vinme obrigada a facer unha peneira de todas as expresións complexas identificadas nos glosarios⁶. Insisto en que, á hora de presentar as locucións, só traballo coas recoñecidas nestes como unidades pluriverbais (dun ou outro tipo) e non realizo unha análise directa dos textos na procura doutras expresións non incluídas nos vocabularios.

Por outra banda, a maior parte das locucións introducidas recollense, loxicamente, nos textos glosados que serviron de base para a elaboración das obras lexicográficas⁷. Porén, na medida en que nestas obras (ou cando menos nalgúnhas delas) tamén se fai referencia ao corpus léxico doutros textos medievais, unha porcentaxe pequena de locucións pode non estar rexistrada realmente nos textos glosados (si, por suposto, noutras obras medievais). Neste traballo non ofrezo regularmente indicación das distintas fontes nas que se recolle cada unha das expresións. Remito ao DDGM ou ao TMILG⁸ para a súa localización.

No que respecta á identificación das locucións adverbiais, empreguei en certos casos un criterio lato, pois dei cabida a expresións que funcionan como modalizadores do enunciado (*en forte ora* ou *sen todo mentir*). Tamén inclúo cuantificadores que acompañan a verbos e/ou adjectivos (*a maravilla*), así como locucións (de carácter

⁵ Para coñecer máis datos sobre o DDGM (inspirado no *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina) véxase E. González Seoane (en prensa).

⁶ Máis de 8.000, incluídas, iso si, repeticións e variantes dunha mesma expresión. Lémbrese que empreguei a etiquetaxe manual, dado que, no momento de elaboración do traballo, a ferramenta informática aínda non me permitía realizar buscas por lemas complexos.

⁷ Exceptúase a obra *Sobre cronología do vocabulário galego-português*, de Ramón Lorenzo, que non glosa un texto senón que emprega un corpus de referencia moi amplio na procura da documentación más antiga do léxico galego-portugués.

⁸ *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), que se pode consultar na páxina web <http://corpus.cirp.es/tmilg>.

adverbial) con casas baleiras, que se caracterizan por ter no seu interior un oco, un baleiro que cómpre encher para que a expresión funcione no discurso: *de meu (teu...)*, *desde X tempo a esta parte*.

De por parte, algunha locución aparece exemplificada cun fragmento no que a expresión vai seguida de complemento (do tipo de *a redor dela*). Aínda que adoito se interpreta que nestes usos estamos ante locucións preposicionais (*a redor de*) e non ante locucións adverbiais (ao considerar que a preposición forma parte da locución), ao meu entender, *de* non é máis có intodutor do complemento que restrinxe a extensión do núcleo adverbial. O que temos *sempre* é unha locución *adverbial* que, como tal, pode empregarse con ou sen complemento. Pola contra, se a expresión ten que combinarse necesariamente cun complemento para aparecer no discurso, considéroa locución preposicional e non a inclúo no glosario (*en lugar de*, *en razón de*)⁹.

Non introduzo tampouco conectadores lóxicos nin outras expresións que en moitos dicionarios (medievais e, no seu caso, modernos) se cualifican como adverbiais, pero que, ao meu entender, pese a seren invariables¹⁰, funcionan como adxectivos, normalmente como atributos ou predicativos: *en paz* ('tranquilo'), *en cos* ('vestido só con roupa interior'). Nótese, ademais, que é bastante frecuente que unha mesma expresión funcione como adxectiva e adverbial: *Et a jente de pee nō avia conto* (MS, 102.10); *entraua enas lides de caualo et aas uezes de pee* (TC, 267.51). En casos como este último recollo a expresión e coméntoa exclusivamente en relación ao seu valor adverbial. Debo sinalar, porén, que non sempre é doada a caracterización funcional dunha unidade (tendo en conta, ademais, a escaseza de exemplos para moitas das locucións). Finalmente, tampouco dou entrada a expresións modais con *ment/mente* nos que este elemento se grafa separadamente (*cient ment, longada mente...*).

Como se pode deducir dos exemplos anteriores, introduzo expresións de carácter fixo, gardadas como un todo na memoria¹¹, sexan ou non idiomáticas, isto é, teñan ou non valor semántico literal. Con todo, cómpre sublinhar tamén a dificultade de determinar o grao de fixación das construcións medievais. O certo é que non inclúo todas as expresións pluriverbais con valor circunstancial destacadas nos glosarios, posto que algunhas delas parecen ter carácter libre, aínda que poidan ser, iso si, expresións altamente frecuentes no discurso: *con lealdade, sen sanna*.

1.2. A ordenación

As locucións adverbiais ordénanse mediante palabras chave, as cales se disponen alfabeticamente:

CANDO: *de quando en quando*. De cando en cando.

⁹ Nótese que este é realmente o criterio que leva a considerar *sobre* unha preposición e *encima* un adverbio: *está encima da mesa/está encima* vs. *está sobre a mesa/*está sobre*. En coherencia co anteriormente exposto, considero que *encima de* non é unha locución preposicional, senón que a preposición *de* é simplemente o intodutor dos complementos do adverbio *encima*.

¹⁰ A invariabilidade é consecuencia lóxica da súa forma.

¹¹ Aínda que ese todo poida conter no seu interior unha casa baleira.

CANTO: *quanto mais.* Canto máis, sobre todo.

CARA: *de cara.* De cara, de frente, presentando a cara ou a parte de diante.

As palabras chave son sempre constituíntes das locucións (presentadas na súa forma de cita). A escolla da palabra chave ordenadora de cada locución responde a un criterio categorial. A xerarquía categorial é a seguinte: substantivo, adjetivo, verbo, adverbio, pronome, preposición. Deste modo, se unha locución está constituída por unha preposición, un substantivo e un adjetivo, a palabra chave será o substantivo (*amor* en *a grand' amor*), se está constituída por unha preposición e un verbo a palabra ordenadora será o verbo (*falir* en *sen falir*)¹²... No caso de que nunha mesma expresión haxa varias palabras correspondentes á categoría ordenadora, escollerase como palabra chave aquela de entre elas que apareza en primeiro lugar na locución (a palabra chave da locución *de dia et de noyte* será *día*). Se as expresións conteñen algúns participios, a palabra chave será o verbo correspondente, salvando que o dito participio funcione tamén como substantivo e poida identificarse como tal na expresión. Deste xeito, a palabra chave de *de corrudas* será *correr* e a palabra chave de *de feito* será *feito*. Como pode observarse, as palabras chave presentan sempre a forma moderna, agás no caso de que non exista un equivalente actual. Neste caso, a palabra chave coincidirá coa medieval modernizada na súa grafía. Finalmente, as diferentes locucións dispostas baixo unha mesma palabra chave ordénanse alfabeticamente entre si.

1.3. A lematización

Unifíquese as expresións que presentan diferentes variantes meramente gráficas, optando sempre pola grafía máis próxima á lingua moderna (así, por exemplo, *en dereito* e *en dereyto* unifícanse en *en derecho*). Se non existen variantes gráficas, presento a locución tal e como foi lematizada no glosario ou glosarios nos que se recolle¹³, pero debe terse en conta que os criterios de edición e / ou lematización son diferentes en cada obra (uns modernizan a grafía, outros respéctana escrupulosamente, outras fan só pequenas modificacións...).

De por parte, lematizo nunha mesma entrada, separadas por comas e ordenadas alfabeticamente, aquelas locucións adverbiais de idéntico significado que poden considerarse meras variantes (non-gráficas), e inclúo unha remisión no lugar que lles corresponde de acordo cos criterios de ordenación comentados. En principio, recollo só as variantes lematizadas nos glosarios. No entanto, ocasionalmente engadín algunha variante localizada nas citas empregadas para exemplificar a expresión, pero non recollida no lema ou sublema.

Separo mediante barras dúas ou máis formas dun *compoñente* da expresión que non poden (ou poden non) ser consideradas simples variantes gráficas (*per / por cima*).

¹² Non se respecta a xerarquía categorial en *de meu (teu...)* e *per min (ti...)*, expresións nas que a palabra chave é a preposición.

¹³ Exceptúase o glosario do *Libro de notas de Álvaro Pérez*. Dado que ao carón dos sublemas fraseolóxicos desta obra, totalmente modernizados, figuran sempre as expresións nas súas formas orixinais, selecciono estas últimas para a miña lematización.

Ademais, sitúo entre parénteses os elementos que teñen carácter opcional. Deste xeito, *por (toda) conta* equivale a *por conta ou por toda conta*.

2. A microestrutura

2.1. O significado

O significado ofrecido para cada locución coincide esencialmente co presentado nos vocabularios, aínda que non sempre manteño a redacción (téñase en conta, ademais, que en moitos casos a expresión aparece recollida en varias obras). De calquera xeito, analizo previamente os exemplos ofrecidos nos glosarios, e nos casos dubidosos, algúns outros, para verificar a interpretación asignada¹⁴. Se os glosarios non presentan significado ou se non estou de acordo co proporcionado por eles ofrezo a miña propia interpretación e indico en observación a ausencia ou a discrepancia. De tratarse dunha variación pequena, de matiz, non fago constar a existencia de modificación.

Por outra banda, cando a expresión medieval se conserva no galego moderno, presento a locución galega actual e, só se considero que é preciso para aclarar o significado, fágoa acompañar dunha paráfrase explicativa do seu significado. Finalmente, cando a combinatoria da locución é moi restrinxida, ofrezo o seu contorno lexicográfico a carón da definición e/ou equivalente actual: *a retalho*: 'polo miúdo, en pequenas cantidades [vender]’.

2.2. Os exemplos

Por razóns de espazo non pudo introducir exemplos para todas as locucións recollidas¹⁵. Daquela, só exemplifíco ben para mostrar como se emprega unha expresión (onde se coloca, con que clases de palabras se combina...), ben para ilustrar unha definición dubiosa, ben para xustificar a diversidade de acepcións ofrecida. Os exemplos recóllense de acordo coa transcripción feita por cada autor (directamente no glosario, ou ben, se neste non se transcribe o exemplo —ou é pouco ilustrativo—, na edición da obra á que corresponde o dito glosario). Este feito xustifica que poida haber algunas incoherencias nas normas de transcripción. As referencias numéricas aos textos manteñen tamén os distintos sistemas remisivos empregados en cada glosario¹⁶. O valor das marcas remisivas pode verse en § 1.1 (para as obras incluídas no DDGM) e na bibliografía final.

2.3. As observacións

Algunhas locucións van acompañadas de observacións. Nestas infórmase da existencia de discrepancias entre o valor semántico presentado nos glosarios e o ofrecido por mí ou do feito de que os vocabularios non proporcionan significado, establecéncense vínculos entre expresións relacionadas semántica e formalmente, sinálanse usos frecuentes ou particulares das locucións, etc.

¹⁴ Acudo frecuentemente ao TMILG na busca de novos exemplos.

¹⁵ Remito ao DDGM ou a o TMILG para a localización de exemplos.

¹⁶ No entanto, utilizo o sistema de referencias do TMILG para aqueles exemplos (presentados nas observacións) pertencentes a obras diferentes ás glosadas polos diccionarios do DDGM.

Evidentemente, este traballo non reúne todas as locucións adverbiais (rexistradas) do galego medieval. Pero malia as deficiencias metodolóxicas e cuantitativas implícitas na súa forma de elaboración, coido que este pequeno glosario pode ser unha mostra da posibilidade de coñecer e ordenar, áinda que sexa parcialmente, o repertorio fraseolóxico da Idade Media. E pode ser tamén unha mostra da evidente e incuestionable utilidade do DDGM e do TMILG para a elaboración dun gran dicionario que reúna o léxico medieval galego e portugués.

3. O dicionario

ABASTAMENTO: *por mays abastamento.* Por máis abastamento, ademais, para maior insistencia, para maior seguridade, “*e porque esto seja certo e non venan en dulda outorhey esta carta ante este notario e testemoyas de juso scriptos y por mays abastamento firmei aqui meu nome*” (ACS, 5878). OBS. Tamén *por mayor abastança*. Termo esencialmente xurídico-administrativo, recuperado para o galego actual.

ABASTANZA: *por mayor abastança.* Por máis abastanza, ademais, para maior insistencia, para maior seguridade, “*et porque esto he certo escripvi aqui meu nome et por mayor abastanza rrogey ao notario de juso scripto que a signase de seu signo*” (ACS, 649). OBS. Tamén *por mays abastamento*. Termo esencialmente xurídico-administrativo, recuperado para o galego actual.

ACARREO: *de acarreo.* A través de transporte por terra, especialmente mediante carro, “*porque a dita çidade se mantinha de acarreo*” (ACS, 2572). OBS. Tamén *de carreto*.

ACORDO: *de huu acordo, en huu acordo.* De mutuo acordo.

ADIANTE: *a adeante.* Máis adiante, no futuro. *de, des + expresión con valor temporal + adeante.* De + expresión con valor temporal + en diante, a partir de +

expresión con valor temporal. OBS. Expresións temporais sublematizadas (forma modernizada): *ali, aquel día, aquela hora, aquí, esa hora, i, hoxe.* Tamén con *endiane / endeante / endeant(e)*.

dend' adeante, ende adeante. De alí en diante, a partir dese momento.

des + expresión con valor temporal + adeante. V. *de + expresión con valor temporal + adeante*.

ende adeante. V. *dend' adeante*.

AL: *sen al.* Sen máis, simplemente, “*porend' orações / fezeron todos y sen al'* (CSM, 49.40). OBS. Tamén *sen outra cousa, sen outra ren*.

ALTO: *ēno alto e baxo / baixo.* Por completo, na súa totalidade, “*desde aquí vos poño ēno jur, señorío e posesiō da dita casa para que a posades tomar e entrar por vosa abtoridade propia para faser dela ēno alto e baxo como de vosa cousa propia*” (LNAP, 1571).

AMOR: *a grand' amor.* Moito, polos quereres [querer].

por lo / pol' amor de deus, por amor de deus. Por amor de Deus, por caridade.

ANTE: *d' ante, de ante.* Antes. OBS. Tamén *d' antes*.

ANTEMÁN: *d' antemaño.* De antemán.

ANTES: *d' antes.* Antes. OBS. Tamén *d' ante, de ante*.

ANTIGO: *de antigoo.* Antigamente.

ANVIDOS. V. *de envidos*.

ASCUSO *V. a escuso.*

AVESO: *a avessas.* Ás avesas, ao revés, de forma contraria ao debido ou ao esperado.

BALDE:

de balde. En balde, de balde, inutilmente.
en balde. En balde, inutilmente.

BALDON: *a baldon.* Libremente, “*o leixou entrar a baldon / en ssa casa*” (CSM, 265.38).

BANDO: *a bando.* Con parcialidade, “*seredes ende querelosas de mij que julgaua ben querenza et a bando*” (HT, 50.21). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

BOAMENTE: *de bôamente, de bôa / boa mente.* De boa vontade.

BREVE: *en breve.* En breve, en pouco tempo.

CABALO: *de caualo.* A cabalo.

CABO:

a cabo, ao cabo, en cabo. Ao fin, finalmente.

a cabo de tempo. Ao cabo do tempo.

ao cabo. V. *a cabo*

cabo adeante / adelant. En adiante, no sucesivo.

cômo de cabo. De novo, “*enviaron cômo de cabo a grecia a dizer... que veesen sen mays tardar*” (CT, I 147.11).

de cabo. De novo, outra vez, “*Se enton de cabo non for rechantada, / nen un proveito non pod' end' aver*” (CE, 100.13). OBS. O significado ofrecido en CE para este exemplo é ‘plenamente, totalmente’.

de cabo são. Emprégase como elemento ponderativo: moi, totalmente..., “*a ssa ospeda foi-lles / mui maa de cabo são*” (CSM, 157.8), “*u sse matar cuidavan, / ben assi de cabo são, fez que fossen ûus d' outros muit' amigos e pagados*” (CSM, 198.23).

en cabo. V. *a cabo*.

en meu [teu...] cabo. Só, unicamente, “*Dade-m' alvíssara, Pedr' Agudo, / e cresca-vos ende gabo: / vossa molher á bon drudo, / que fode já en seu cabo*” (CE, 355.10). OBS. Nas CE o significado que se ofrece é ‘plenamente, totalmente’. No entanto, noutros exemplos atopados no TMILG *en seu cabo* parece ter o valor de ‘só’, funcionando ben como adjectivo, ben como adverbio: “*Poys que se tornarõ os d'alende os portos, que erã muy grã gente, ficarõ os d' Espanna en seu cabo*” (TC, 742.47), “*it. deuo a Costança paes seys libras en seu cabo*” (GHCD¹⁷, 32/150). De todos os xeitos, o valor sinalado por min non parece tampouco demasiado axeitado para a cantiga (e, en todo caso, parece requirir que o relativo funcione como OD do verbo *foder* e non como *SUX*). O significado proposto probablemente evolucionaría a partir do valor literal ‘no seu lado’, que parece rexistrarse en exemplos coma este: “*et aos outros tres suas moradas lles avyam ja dadas acada hũ em seu cabo*” (XE¹⁸, II, 18/54). Deste emprego tamén resultaría o uso como conectador ('pola súa banda'): “*Et ella fezo aseu marido rrey Nyno que fezese açidade de Njnyue et em anchorla tanto, et fazerla tam grande et tam onrrada cômo avedes oydo; et desploys que seu marido foy finado por ella fazer oseu em seu cabo donde [gaañase] pera sy algú nome...*” (XE, IV, 26/160). Nótense que este valor está en consonancia co emprego tamén como conectador de *eno outro cabo* ('por outra banda'):

¹⁷ Galicia Histórica. Colección diplomática.

¹⁸ General Estoria. Versión gallega del siglo XIV.

“non ousaba contra dizer... mays ēno outro cabo, ben coydaua ja para senpre que ende fosse posfaçado” (CT, I 343.7). Na gramática de Saco y Arce (1868) e no diccionario de Porto Rey (1900) rexístrase a expresión *a meu (teu...) cabo*, á que se lle dá o valor de 'só, sen compañía' e que se ilustra nesta última obra co seguinte refrán: *Onde cabe un carro cargado, bén cabe un home á seu cabo.* 'En donde un carro cargado cabe, un hombre a solas también cabe'. A expresión recóllese de novo no diccionario de Carré (1928-1931), como forma desaparecida.

CANDO: *de quando en quando.* De cando en cando.

CANTO: *quanto mais.* Canto más, sobre todo.

CARA: *de cara.* De cara, de frente, presentando a cara ou a parte de diante.

CARÓN: *a caron.* Mantendo contacto co corpo, “*As mãos da Santa Virgen / que tangeron acaron / Jhesu-Christo*” (CSM, 359.4). OBS. Existe tamén a grafía conxunta, como se pode observar no exemplo. Segundo comprobei no TMILG, en textos do XV rexístrase a expresión co valor actual ('ao lado').

CARRETO: *de carro.* A través de transporte por terra, especialmente mediante carro, “*et por que a esta dita cidade viina todo o vinno de carro por moytas et diversas portas*” (ACS, 3213). OBS. Tamén *de acarreo.*

CEDO: *de cedo.* Axiña, rapidamente.

CERTO:

de certo. De certo, con certeza.

en certo. Con exactitude, con precisión [tirar].

CHAN: *de chão.* Emprégase como

elemento ponderativo: 1) Sinceramente, francamente, “*Quand' est' o judeu entendeu, / bêes ali logo de chão / en Santa Maria creeu*” (CSM, 25.177). 2) Claramente, realmente, “*viu ben de chão / Pedro vîr a ssi un ome cão*” (CSM, 69.81). 3) Completamente, “[E] pois aquesto lles disse, / fezo-sse logo crischão / e o templo que guardava / derribou todo de chão / e quebrantou as omages” (CSM, 196.53). OBS. Cf. *de pran*, que funciona en maior medida como modalizador do enunciado.

CIENTE: *a ciente.* A propósito.

CIMA:

aa cima. Ao fin, finalmente. OBS. Noutros textos tamén se recolle co significado de 'encima'. Tamén *a cima, ena / na cima*.

a cima. 1) Enriba, encima. 2) Ao fin, finalmente, *Aqueste castelo ést[e] / eno reino de Geen, / e un alcaid' y avia / que o guardava mui ben; / mais de guarda-lo a cima / lle mengou muito o sen*” (CSM, 185.12). OBS. Nas CSM o significado que se ofrece para este exemplo é 'ata o fin'. No entanto, noutros textos *a cima* (o mesmo que *aa cima*, V. supra) parece funcionar co significado de 'ao fin, finalmente', e este valor é posible tamén para o fragmento das CSM. Tamén *aa cima, ena / na cima*.

ena / na cima. 1) Enriba, encima. 2) Ao fin, finalmente. OBS. Tamén *aa cima, a cima*.

per / por cima. Por riba (valor literal).

COMÚN: *do comuu.* Mutuamente, “*asi fuj tractado et outorgado do comuu*” (CT, II 169.24).

COMUNAL: *a comunal.* Regularmente, “*o que a Santa Maria praz, / esso fazia senpr' a comunal*” (CSM, 58.13). OBS. Non atopei máis

exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

CONCELLO:

en concello. 1) En público, “avia tā grā pesar et tā grā vergonça que nō ousaua parescer **en cōcello**” (HT, 364.10). 2) Claramente, “**en conçello** virō os jnfantes que aquel avia de herdar et que nō perdiām y nada” (HT, 55.7). OBS. O significado que se ofrece en HT, CA e CT é ‘en público, publicamente’. No entanto, este significado non parece axeitado para o segundo exemplo. En CE o valor que se presenta é ‘publicamente, francamente’.

per concello. Publicamente, “deron-lle por consello / que a Santa Maria, / que éste noss' espello, / de Tocha o levasse, / e esto **per concello**” (CSM, 315.42).

CONCIENCIA: *en miña (tua...)* *conciencia.* En conciencia, de acordo co que dita a conciencia, “mandaron que o que el gastase e despendese enna dita reparacón que lle fose recebido en conta segundo que o el disese **en sua conciençia**” (ACS, 6856). OBS. Lematizado como *en conciençia*.

CONFESIÓN: *en confisson.* En confesión, baixo o sacramento da confesión.

CONSELLO: *de cōsello.* Por consello, a través de consello ou recomendación, “o qual así outorgarō de nō se errar de dito nē de feyto nē **de cōsello** os hūus ao outro e o outro a los outros” (LNAP, 617). En LNAP non se ofrece significado para a expresión. Propoño a definición anterior despois da lectura de varios exemplos da locución recollidos no TMILG: “et a traslado deste plaço renunço de rogado e **de consello** et a todas

outras boas rações et deffenssoes que por min sobre esto podesse aver que me non valan se contra esto fose contrario” (CDMO¹⁹ III-1545/137). Entendo que o emisor fai a renuncia indicada áinda que sexa incitado ao contrario mediante rogo ou consello. No entanto, é posible que noutrous exemplos (como no de LNAP) o emisor funcione como axente (do consello) e non como meta. Cando o complemento de *consello* está explícito tamén aparece a preposición *de*: “Et este rrey Veremūdo, **de consello dos mayores de seu rreyno,** lançou fora et priouo o dito don Payo, obispo, fillo do dito Rruy Vaasques, da eglleia” (CI²⁰, 4.11/115).

CONSÚN: *de consun / consuu.* Conxuntamente, “el et cesar eran veziños en troya et senpre anbos viueran **de consun**” (CT, I 100.19).

CONTA:

a miña (tua...) *cōta.* Pola súa conta, “ma[n]dou o dito juís que se jūtasē a súa cōta fasta domingo” (LNAP, 1503).

per / por (toda) conta. En suma, en total, “vos dirá quisquanto custou, / todo **per conta,** ca ele xos comprou” (CE, 42.13). OBS. En CE dáselle o significado de ‘certo, por orde’. Tamén *por todo*.

sen conta. Sen conto, moito, moi. OBS. Tamén *sen conto*.

CONTENDA: *sen contendida.* Sen dúvida, “d' oj' a quinze dias serei **sen contendida** / no Parayso” (CSM, 65.226). OBS. Tamén *sen peleja*.

CONTÓ: *sen cōto.* Sen conto, moito,

¹⁹ La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310).

²⁰ Crónica de Santa María de Iria.

- moi. OBS. Tamén *sen conta*.
- COR:** *de cor*. De memoria. OBS. Tamén *de coraçōn*.
- CORAZÓN:** *de coraçōn / curaçō*. 1) Con empeño, con ganas, “*vaamoslos ferir moy de coraçōn*” (CT, I 101.30). 2) Sinceramente, “*chorando dos ollos mui de coraçōn*” (CSM, 21.15). 3) Gustosamente, de boa vontade, “*un miragre vos quero / contar mui de coraçōn*” (CSM, 28.7). 4) De memoria, “*pois que os ouvera todos ben ditos / de coraçōn, ca non per outros escritos*” (CSM, 65.161). OBS. Nas acepcións 1 e 2 o substantivo pode aparecer acompañado de *todo*: “*-Yde et pregutade de todo coraçō de aquel neno*” (MS, 217.6). Nas acepcións 2 e 3 pódese acompañar do modificador *bo*: “*tāto vos coydo eu de seruir et pedir merçede tā de bōo coraçōn que en algū tempo uos amercearedes et doeredes de mij*” (HT, 200.24), “*eu (...) et mijña moller (...), de bōo coraçōn et de boa voontade, vēdemos et ffrymemēte outorgamos*” (GN, 3.5). Coa acepción 4, tamén *de cor*.
- CORRER:** *de corrudas*. A toda presa, a correr, “*quis ir vendē-lo almallo; mas el sayu-lle de mão, / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o levassen de corrudas*” (CSM, 31.54).
- COSTA:** *de costas*. De costas [caer].
- COTÍO:** *de cotío*. De cotío.
- COUSA:**
- nulla cousa*. Nada, “*Que nulla cousa non falou / nena missa non ar cantou*” (CSM, 283.46).
- sen outra cousa*. Sen máis, simplemente, “*tomou log' un coitelo / con que tallavan o pan, / e deu-se con el no peito / húa ferida atan / grande que, sen outra cousa, / morreu logo manaman*” (CSM, 84.48). OBS. Tamén *sen al, sen outra ren*.
- DE:** *de + meu (teu...)*. 1) De + posesivo, pola súa propia natureza, “*o om' é de seu / trist' e nojoso e torp' e sen mester*” (CE, 301.15). 2) De + posesivo, por un mesmo, “*nō ouverō mester ayos, ca todo aprēdian de seu*” (HT, 366.29).
- DECATO:** *sem decato*. Sen se decatar, “*cercarōn logo aquel dia de sobre venta et sem decato*” (HT, 106.37). OBS. Só atopei este exemplo do substantivo *decato*, polo que me resulta imposible saber se estamos ante unha construcción libre ou fixa.
- DENODADO:** *a denodadas*. Denodadamente.
- DENTRO:** *de dentro*. Por dentro.
- DEREITO:**
- a dereito*. 1) Directamente, sen desviarse, “*uaamos per nosso camjno a dereyto*” (TC, 851.9). 2) Con xustiza, xustamente, “*empero nō as partyo a dereyto*” (HT, 292.6). 3) Conforme a dereito, “*estauā prestes para les responder a dereyto ante o señor arçobispo*” (LNAP, 465). OBS. É frecuente a coordinación da expresión con *a torto* (*a torto nen a dereito*), co significado de 'nin xusta nin inxustamente'. Para a acepción 3 tamén *de derecho e per / por derecho*.
- contra derecho*. Contra derecho. OBS. Cf. *segundo derecho*.
- de derecho*. 1) Por derecho, segundo corresponde, “*asi aqueles lugares en que eles preegarō [...] deuē seer mais onrrados de derecho ca todo los outros do mundo*” (MS, 131.9). 2) Conforme a derecho, “*para faser jura ou juras [...] ou outro qualquer juramento que lles de dereyto por nos for demandado*” (ACS, 156). OBS. Na acepción 1 tamén *per / por*.

dereito. Na acepción 2, tamén *a dereito e per / por dereito.*

de dereit' en dereito. Inmediatamente, “*A sa moller a Reynna, / que jazia eno leito / cabo del, e este sonno / lle contava tod' a eito. E ela lle respondia / ben de dereit' en dereito:* Outro tal ei eu sonnado, / que vos quero retraeer” (CSM, 345.93). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido. O valor, proposto nas CSM, é bastante discutible. Cf. a observación feita baixo *en dereito* sobre o valor que lle outorga Mettmann á expresión *en seu dereito*. Podería tratarse de dúas variantes do mesmo conectador metatextual?

en dereito. Dereito, en liña recta. OBS. Nas CSM recóllese a expresión *en seu dereito*, á cal se lle atribúe, entre interrogantes, o significado ‘por seu lado, por súa vez’: “*amba-las suas mãos assi s' encolleran, / que ben per cabo dos onbros todas se meteran, / e os calcannares ben en seu dereito / se meteron todos no corpo maltreito*” (CSM, 77.10). No entanto, podería tratarse dunha variante con posesivo de *en dereito*, co seu mesmo significado. Non atopei máis exemplos deste uso que contribúan a determinar o significado.

per / por dereito. 1) Por dereito, segundo corresponde, “*dos Romãos Rey / é per dereit' e Sennor*” (CSM, A.18). 2) Conforme a dereito, “*para que vejã os ditos debates e os libre'e determjnẽ, segundo acharẽ por dereyto ou como quiserẽ e por bẽ touerẽ*” (LNAP, 679). OBS. Na acepción 1 tamén *de dereito*. Na acepción 2, tamén *a dereito e de dereito*.

segundo dereito. Segundo dereito, de

acordo co dereito. OBS. Cf. *contra dereito*.

DERREDO: *a derredo.* Atrás.

DERREDOR: *a derredor, en derredor.* Ao derredor, en derredor, ao redor.

DESDÉN: *en desdem.* Desdeñosamente, con desdén.

DESMESURA: *a desmesura.*

Desmesuradamente.

DESORA: *a desora.* De súpeto, subitamente.

DESTRO:

aa destra, a destra, a destro. Á dereita.

a destro et (a) seestro. Sen tino, sen orde, sen discreción nin miramento.

DESVIAR: *en desuiado.* Oblicuamente.

DÍA:

ante dia. O día anterior.

a outro dia, en outro dia, eno outro dia, (o) outro dia. Ao outro día, ao día seguinte.

bom dia. En boa hora (emprégase para mostrar satisfacción polo feito que acompaña), “*Bon dia vi amigo, / pois seu mandad' ei migo*” OBS. Tamén *en bon punto.* Cf. (*en*) *mal / mao dia, (en) grave dia.*

de cada dia. Cada día.

de dia. De día, durante o día.

de dia et de noyte, de noyte et de dia. Día e noite, continuamente.

dende a + ordinal + expresión de tempo. X tempo despois, “*dend' a tercer dia*” (CSM, 419.31): ‘de alí a tres días, tres días despois’.

de noyte et de dia. V. *de dia et de noyte (en) grave dia, (en) mal / mao dia.* En mala hora (emprégase para laiarse do feito que acompaña), “*En grave dia, senhor, que vus vi, / por mi e por quantos me queren ben!*” (CA, 3687). OBS. Tamén *en forte ponto, (en) mal / mao ponto, en ponto mao, en forte ora, en mal ora.* Cf. *bom dia*.

en outro dia, eno outro dia. V. *a outro*

- dia.**
- este (presente) dia.* Hoxe.
- estoutro dia, noutro dia.* Estoutro día, hai uns días.
- grave dia.* V. *en grave dia.*
- mal / mao dia.* V. *en grave dia.*
- noutro dia.* V. *estoutro dia.*
- o dia de cras.* Mañá.
- o dia de oje.* Hoxe, no día de hoxe.
- oge en dia.* Hoxe en día, actualmente.
- oge en este dia, oje / oy dia, oje este dia.*
- 1) No día de hoxe, “*se outr' amor á sigo, / ergo o meu, queria / morrer oj' este dia*” (Amigo, CXXXII, 6), “*Vistes, madre, quando meu amigo / pôs que verria falar comigo? / oje dia cuidades que venha?*” (Amigo, CI, 3).
 - 2) Hoxe en día, actualmente, “*Og' este dia esta virtud' an / os jograreis*” (CSM, 259.51). Coa acepción 1 pode intercalarse *dito: oje este dito dia.*
- (o) outro dia.* V. *a outro dia.*
- oy dia.* V. *oge en este dia*
- DIANTE:**
- a deant.* Adiante.
- de deant(e).* Diante.
- de, des, desde + expresión con valor temporal + endiante / endeante / en deant(e).* De + expresión con valor temporal + en diante, a partir de + expresión con valor temporal. OBS. Expresións temporais sublematizadas (forma modernizada): *alí, aquela hora, aquí, o día do tempo do meu finamento, hoxe este dia, hoxe este dito dia.* Tamén con *a deante*.
- DITO:** *de dito.* De palabra, por medio da palabra, “*segurou de dito e de feyto e de cōsello a Ferrnand Gonçalues*” (LNAP, 600). OBS. Aparece frecuentemente coordinado con outros elementos, como *de feito ou de consello*, tal e como se pode observar no exemplo.
- DOADO:** *en dōado.* 1) Gratuitamente,
- “*E ssequer o meu servizo / averedes en dōado*” (CSM, 67.31). 2) Inutilmente, “*a correr / aquel poboo yrado / se fillou pola querer / destroir; mas en dōado / foron esto cometer*” (CSM, 99.34). OBS. Tamén existe a grafía conxunta, *endoado*.
- DULTA:** *sen (nulla) dulta.* Sen dúbida. OBS. Tamén *sen (neña / nulla) dultanza*.
- DULTANZA:** *sen (neña / nulla) dultanza.* Sen dúbida. OBS. Tamén *sen (nulla) dulta*.
- DUR:** *de dur.* Dificilmente, “*de dur seria / en un gran dia contado*” (CSM, 328.18).
- EFFECTO:** *con efecto.* Efectivamente, “*outorgarō averlos rrecibjdos rrealmēte e cō efecto*” (LNAP 453). OBS. En todos os exemplos rexistrados aparece como segundo elemento dunha coordinación con *realmente* e en relación á transacción de bens ou diñeiro. En CN dáselle o significado de ‘con cartos en efectivo’.
- EITO:** *a eito.* 1) Inmediatamente, “*dix' eu log' a eito / esto que sei que vos a vós aven*” (CE, 419.9). 2) A eito, seguido, sen interrupción e por completo, de principio a fin, “*este sonno / lle contava tod' a eito*” (CSM, 345.92).
- ENFESTO:** *a enfesto.* Cara arriba.
- ENGANO:** *a engano.* Con engano, “*lle deu con un cuitel' a engano / en tal logar, que vergonna me faz / de o dizer*” (CSM, 105.60). OBS. Nas CSM interpretase como ‘perfidamente’.
- ENSÚN:** *d' ensūu.* Conxuntamente, “*poserō entre si que ambos posasen d' ensūu*”, 105.12 OBS. Atopamos frecuentemente a grafía conxunta.
- ENVIDOS:** *a envidos, de enuidos / anvidos.* De mala gana, contra a miña

[túa...] vontade.

ESCONDER: *a scondudas.* Ás escondidas. “E des ali adeante / non ouv' y boi nen almallo / que tan ben tirar podesse / o carr' e soffrer traballo, / de quantas bestias y son / que an as unnas fendudas / sen feri-lo de baston nen d' aguillon **a scondudas**” (CSM, 31.68). OBS. Nas CSM proponse entre interrogantes o significado ‘a golpes, arrancando as carnes’, sendo a lectura *a scodudas*. No entanto tamén se propón a *lectio facilior* recollida aquí. Esta última tamén é a lectura que se recolle na Cronol. de Ramón Lorenzo e no TMILG.

ESCUSA: *a escusa.* A escuso, sen ser visto, ás escondidas. OBS. Tamén *a escuso, en ascuso*.

ESCUSO: *a escuso, en ascuso.* A escuso, sen ser visto, ás escondidas. OBS. Tamén *a escusa*.

ESPECIAL: *en especial.* En especial, especialmente.

ESTO: *en esto.* Nisto, neste momento.

FALIDA: *sen falida.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falimento, sen falir, sen falla*.

FALIMENTO: *sen falimento.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falida, sen falir, sen falla*.

FALIR: *sen falir.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falida, sen falimento, sen falla*.

FALLA: *sen falla.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falida, sen falimento, sen falir*.

FE:

a boa / bōa fe. 1) De boa fe, “prometo e prometo **a boa fee** sē malo engano de nō yr” (LNAP, 1295), “feserā o dito apreçiamento a todo seu poder e **a bōa fe**, sen mao engano, verdadeyramēte” (LNAP, 2179). 2)

Abofé, realmente, en verdade, “jurando-lhe ante que, / **a bōa fé**, nōna er leixe como a leixou” (CE, 102.7). OBS. En LNAP, nas entradas *fe e bōo*, a locución aparece recollida co significado actual de *abofé* (‘abofé, a fe, certamente, de verdade, de certo, sen dúbida’). Pola contra, baixo a entrada *a dáselle* o valor de ‘de boa fe’. Porén, os exemplos ilustrativos son os mesmos nos tres casos (os citados en 1). Co significado 2 tamén *a la (minha / mha) fe, en bōa fe e per / por (boa / bōa) fe*.

a la (minha / mha) fe. Sinceramente, realmente, en verdade. Tamén *a boa / bōa fe, en bōa fe e per / por (boa / bōa) fe*.

en bōa fe. Sinceramente, realmente, en verdade. OBS. Noutros textos rexistrados no TMILG funciona tamén co valor de ‘de boa fe’. Cos dous valores, tamén *a boa / bōa fe*. Co valor indicado inicialmente, tamén *a la (minha / mha) fe e per / por (boa / bōa) fe*.

per / por (boa / bōa) fe. Sinceramente, realmente, en verdade. OBS. Pode ir reforzado con *sen engano: per fe sen engano*.

FEITO

a feito. 1) Realmente, de feito, “ja chus seu nome non direi; / c(a) **a feito** [ja] mi-a nomeei!” (CA, 7005). 2) Seguido, sen interrupción, “pois me deito / e dormesco e dōrmio ben **a feito** (CE, 419.15), “O bispo e toda a gente deant' estando, / veend' aquest' e oynd' e de rijo chorando, / viron que miragre foi e non trasgeito; / porende loaron a Virgen **a feito**” (CSM, 77.43). OBS. En CA, CSM e CE figura só co significado de ‘efectivamente, realmente, en verdade’. Existe tamén a grafía

conxunta.

de feito. 1) De feito, realmente, na realidade, “que lle pertēençen et pertēesscer deuē, así *de feito* como de derecho como en outra qualquer maneira” (CN, 52.80). 2) De obra, por medio da acción, “que nō errará de dito nē *de feyto* en súa persona” (LNAP, 2045). OBS. Nos exemplos recollidos coa acepción 1 (uso xurídico) aparece sempre en combinación con *de derecho*, salvo nun caso: “para que disesē a verdade *de feyto* sóbrela sētēcia” (LNAP 408). En tal exemplo a expresión é interpretada como locución adxectiva ('real, verdadeiro'). Coa acepción 2 aparece frecuentemente coordinado con outros elementos, como *de dito* ou *de consello*, tal e como se pode observar no exemplo.

FIO: *a finas e a fio.* Perentoriamente, sen dubidar, “vo-lo juro muit[o] *a finas e a fio*” (CE, 35.8). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

FITA: *a fita.* Inmediatamente, á présa, “vos mando / que vaades tod' *a fita* / logo catar os canales” (CSM, 386.51). OBS. O significado sinalado figura con interrogantes nas CSM. Non atopei máis exemplos que axuden a verificarlo.

FIXO: *de fix.* Con seguridade, “E sei *de fix* que ensandecerei!” (CA, 7342). OBS. Trátase do único exemplo atopado.

FONDO:

a fondo. Cara abaixo.

de fond' a cima. Completamente, de punta a punta, “a do almirallo / *de fond' a cima* fendeu, / e britou logo o maste” (CSM, 35. 85).

FÓRA: *de fora.* Fóra, por fóra.

FORMA: *en forma (de dereyto).* Coas

formalidades esixidas pola lei.

FORZA:

a força. Á forza, violentamente “*a força per cabelos / do caminno a sacara*” (CSM, 355.77). OBS. Tamén *per / por força*.

per / por força. 1) Pola forza, violentamente, “*un rei / con oste de pagãos / vēo a vila cercar / mui brav' e mui sannudo, / pola per força fillar*” (CSM, 28.20). 2) Por forza, necesariamente, “*En tod' est' a lazerar / ouve per força o výo, / ca del foi grand' o bever*” (CSM, 351.23). OBS. Coa acepción 1 tamén *a força*.

por fina força. A viva forza, aplicando moita forza. OBS. Tamén *por viua força*.

por força. V. *per força*.

por viua força. A viva forza, aplicando moita forza. OBS. Tamén *por fina força*.

FURTO: *a furto.* A furto, de maneira oculta.

GALO: *ao gallo primeiro.* Ao amencer.

GRADO:

a meu (teu...) grado, ao meu (teu...) grado. Co meu (teu...) agrado e consentimento. OBS. Cf. *mal / mao (a) meu (teu...) grado*.

de (bon) grado. Voluntaria e gustosamente. OBS. Cf. *de mau grado*.

de mau grado. Contra a súa vontade e o seu gusto. OBS. Cf. *de (bon) grado*.

mal / mao (a) meu (teu...) grado. A meu (teu...) pesar. OBS. Cf. *a meu (teu...) grado, ao meu (teu...) grado*.

GUISA:

a nihua gisa, de nenhuma guisa, en nihua / nēhūa guisa, en nulla guisa, nihua gisa, per nulla guisa, per / por nēhūa / nihua / nīhūa guisa. Emprégase como reforzo da negación: de ningún

modo, en ningún caso, “*Et a nihua gisa nō na leues a Braagā*” (MS, 65.12). OBS. V. también **maneira, ren, sen.**

de + det / mod + guisa. De + det / mod + maneira. OBS. Determinantes / modificadores sublematizados (forma modernizada): *aquela, aquesta, esta, fera, unha, esta, moitas, ningunha, outra, tal, toda.* Con todo, algunas das expresións poden ter un significado irregular (V. *de nenhuma guisa, de maa guisa*). Tamén con **maneira**.

de maa guisa. Emprégase como elemento ponderativo: de mala maneira, moi, moito, “*et que te escarmentará de maa guisa*” (TC, 588.21). OBS. Tamén *de maa maneira*.

de nenhuma guisa. V. *a nihua gisa*.

en + det + guisa. De + det + maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada): *algunha, aquela, cal, esta, moitas, ningunha, nula, outra, tal, todas.* Con todo, algunas das expresións poden ter un significado irregular (V. *en nihua / nēhūa guisa, en nulla guisa, en toda guisa, en todas guisas*). Tamén con **maneira**.

en nēhūa / nihua guisa, en nulla guisa. V. *a nihua gisa*.

en toda guisa, en todas guisas. 1) Con toda seguridad, absolutamente “*el foi-ss' aa eigreja, / cuidando y guarecer, / creendo en toda guisa / que non seria britada*” (CSM, 164.19), “*cuidand' en todas guisas y a sāar*” (CSM, 91.24). 2) Sexa como sexa, fose como fose, “*vos yde en toda guisa cras ēna noyte ante que se leuāte a lūa*” (HT, 278.30). OBS. Tamén *en toda maneira, en todas maneiras*.

nihua guisa. V. *a nihua gisa*.

per / por + det + guisa. De + det + maneira. OBS: Determinantes sublematizados (forma modernizada): *algunha, cal, ningunha, nula.* Con todo, algumas das expresións poden ter un significado irregular (V. *per / por nēhūa / nihua / nihūa guisa, per nulla guisa*). Tamén con **maneira e ren**.

per nēhūa / nihua / nihūa guisa, per nulla guisa. V. *a nihua gisa*.

por + det + guisa. V. *per + det + guisa*.
por nēhūa / nihua / nihūa guisa. V. *a nihua gisa*.

sen guisa. Sen motivo, inxustificadamente, inxustamente.

HORA:

aa ora, a ora. Ao momento, “*E des que foi morto, logo / a ora embarceceu*” (CSM, 124.42).

(a) *aquela ora, en aquela ora.* Entón, naquel momento.

(a) *essa ora, en essa ora.* 1) Entón, nese momento, “*e log' o arcediago / a essa ora guaryu*” (CSM, 204.41). 2) Agora, “*Mai-lo Papa Cremento / certamente / lle disse: 'Essa ora, / sen demora, / te vai pera Suria'*” (CSM, 115.159).

a *esta ora, estas oras.* Agora, neste momento.

a ora. V. *aa ora*.

aquela ora. V. *a aquela ora*.

en aquela ora. V. *a aquela ora*.

en essa ora. V. *a essa ora*

en forte ora, en mal ora. En mala hora (emprégase para laiarse do feito que acompaña), “*Et que en forte ora vos eu achey et en mao dia vos tāto desejey veer que agora foy myña ventura de uos ferir cō mijñas maños*” (HT, 371.29). OBS. Tamén (*en*) *grave dia, (en) mal / mao dia, en forte ponto, (en) mal / mao ponto, en ponto mao.* Cf. *en ora boa*.

en ora boa. En boa hora (emprégase para mostrar satisfacción polo feito que acompaña), “*Pois que m' eu fiqu' en Lisboa, / já que se vai o ricome, / varon, vaa-s' en ora boa*” (CE, 107.6). OBS. Nas CE o significado que se ofrece é ‘en hora feliz, con boa sorte’. Cf. *en forte ora*, *en mal ora*.

essa ora. V. a *essa ora*.
estas oras. V. a *esta ora*.

húa ora. Entón, “*Como o arçipreste achou o conde Fernan Gonçaluez et a jnfante dona Sâcha ëna mata hu iaziñ El conde et a jnfante, estando asy ascondudos en aquel monte, ouuerõsse de ueer húa ora en muy gram perigoo et en muy gram coyta*” (TC, 134.4).

HOXE:

de oje a + cuantificación temporal. De hoxe en + cuantificación temporal, dentro de + cuantificación temporal, “*et sabe que d' oje a tres dias seeras d' este mudo leuada*” (MS, 221.8).
de oje / oy mays, des oi / oje mais, des oimais, desoy mays, oge mays, oi mais. A partir de hoxe. OBS. Co mesmo significado podemos atopar *oimays*, en grafía conxunta.

IGUANZA: *per iguança.* Por igual, na mesma medida, “*o seu partamos / logo sen perfia / todos per iguança*” (CSM, 9.96).

LECER:

a lezer. Con gusto, con contentamento.
sen lezer. Sen más tardar.

LEVE: (*a, aa*) *de leve.* Por certo, realmente, certamente, “*et el que a de leue nūca foy uençudo foyo aly*” (TC, 687.45).

LIXEIRO: *de ligeiro.* Doadamente, “*pode-o Santa Maria / mui de ligeiro fazer*” (CSM, 242.5).

LLANO: *de llano en llano.* Verdadeiramente, “*so pena que, se*

errare, que pague de llano en llano ao dito Sueyro Gomes j m cc morauidís” (LNAP, 2046). OBS. Nos tres exemplos atopados a locución combínase co verbo *pagar*.

LOGO: *logo enton / entonce.* Logo, axiña, inmediatamente.

LONGO:

a longo, ao longo, de longo. Ao longo, lonxitudinalmente.

de longo a longo, de longo en longo. En toda a súa lonxitude, todo ao longo.

LONXE: *a longe.* Lonxe, ao lonxe.

LUGAR: *a logares.* Aquí e acolá, en diversos sitios.

MAL: *de mal en peor.* De mal en peor.

MAN:

de mā comū. De común acordo, “*Obrigárōse de mā comū cō todos seus bées*” (LNAP, 2070).

de mão. Rapidamente, “*tornou-sse logo de mão / a ssa casa*” (CSM, 119.67), “*quis ir vende-lo almallo; mas el sayu-lle de mão / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o levassen de corrudas*” (CSM, 31.50). OBS. Nas CSM sublematízase *logo de mão* co significado ‘inmediatamente’. Só atopei outro exemplo máis, similar ao segundo.

pela mão. Da man, colléndolle a man, “*E ben assi pela mão / a levou ben sen afan*” (CSM, 236.31). OBS. Para o emprego en combinación co verbo *ir*, “*ya pela mão / con el un preste*” (CSM, 69.80), Mettmann propón entre interrogantes o significado ‘ir ao lado de alguén’.

MANEIRA:

a nñhúa maneira, en nehúa / nēhúa maneira, per / por ne(n)húa maneira, per / por nulla maneira. Emprégase como reforzo da negación: de ningún modo, en ningún caso, “*que per nulla*

maneira / est' alva vestir provasse" (CSM, 2.53). OBS. V. tamén **guisa, ren, sen.**

de + det + maneira. De + det + maneira. OBS. Determinante sublematizado: *esta.* Tamén con **guisa.**

de gran maneira. Emprégase como elemento ponderativo: moi, moito, "ouye fillo / tremoso **de gran maneira**" (CSM, 43.28), "queria de gran maneira / compoer húa omagen / d' idolo" (CSM, 196.23).

de maa maneira. Emprégase como elemento ponderativo: de mala maneira, moi, moito, "ond' el espantad' estava **de maa maneira**" (CSM, 119.42). OBS. Tamén *de maa guisa.*

en + det + maneira. De + det+ maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada): *esta, aquela, cal, calquera, ningunha, outra, outra calquera, outra maneira algunha, toda.* Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *en nehúa / nēhúa maneira, en toda maneira*). Tamén con **guisa.**

en nehúa / nēhúa maneira. V. *a nēhúa maneira.*

en toda maneira. 1) Con toda seguridade, absolutamente, "Et derō lle moy grandes dões para oferecer ante o altar et oyr a[s] santas rrespostas, et que **en toda maneyra** soubese cōmollles avia de acōtescer" (HT, 104.29). 2) Sexa como sexa, fose como fose, "Amostrar-nos deves carreira / por gāar **en toda maneira / a sen par luz e verdadeira**" (CSM, 100.17). OBS. Tamén *en toda guisa, en todas guisas.*

per / por + det + maneira. De + det + maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada):

cal, ningunha, nula. Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *per / por ne(n)húa maneira, per / por nulla maneira*). Tamén con **guisa e ren.**

per / por ne(n)húa maneira. V. *a nēhúa maneira.*

per / por nulla maneira. V. *a nēhúa maneira.*

MANTENENTE: *a mantenent / mantenente.* Á mantenta²¹, con toda a forza das mans.

MAÑÁ:

aa manāa, de manāa, ena / ēna / na manaa, na manāa, por la manāa. Á mañá, de mañá, pola mañá. OBS. Outras variantes: *de manaa, de manāa, de mannāa, ena mannāa, por la manāa.*

de grā manāa / mañāa, gran manaa / manāa / mannāa, grande manāa. Moi cedo pola mañá, ao amencer.

de manāa. V. *aa manāa.*

ēna / ena manaa. V. *aa manāa.*

gran manaa / manāa / mannāa, grande manāa. V. *de grā manāa.*

na manaa / manāa. V. *aa manāa.*

por la manāa. V. *aa manāa.*

MAR:

aalen mar, alen mar. Ao outro lado do mar, no outro lado do mar.

aaquen mar, aquen mar. A este lado do mar, neste lado do mar.

alen mar. V. *aalen mar.*

aquen mar. V. *aaquen mar.*

de mar a mar. De punta a cabo, "Et desi foyse el rrey a cōquerir a Espana toda **de mar a mar**" (MS, 75.10). OBS. Combínase sempre con referentes xeográficos.

²¹ No *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego* recóllese esta expresión, como forma viva, co significado da paráfrase que se acompaña.

sobre mar. No mar, “el Rey Castor et el Rey Polus entrarō **sobre mar** por lle acorrer, mays en forte pôto se alongarō d' aquel porto en que entrarō” (HT, 92.8). OBS. En HT ofrécese o significado ‘mar a fóra’, pero non parece que a expresión teña esa restrición semántica.

MARABILLA:

a a maravilla, a maravilla. Moi, moito, “era grānde et nēbrudo **a a maravilla**” (HT, 93.17), “**a maravilla fera / amava Santa María**” (CSM, 312.16). OBS. Aparece adoito modificado con *fera* ou con *gran*: *a maravilla fera, a gran maravilla*. *por maravilha.* De milagre [dise cando o sucedido ocorreu contra todo o previsto], “se verdade fôr, / **por maravilha pod a ben sair**” (Amigo, CCCCXXXIX, 6).

MEDIDA: *sen medida.* Sen medida, sen mesura, moi, moito.

MÉDIO:

de medio a medio. Pola metade, “parto cõ bós **de medio a medio**” (LNAP, 2554). OBS. En GN ofrécese os significados ‘integralmente, completamente, enteira-mente’ e ‘de parte a parte, dun lado a outro’ (dándolle preferencia a este último). Os dous exemplos son si-milares: “et tomar as ágoas **de medio a medio a vosa custa**” (GN, 57.23).

de por medio. A partes iguais.

en este meogo. Entre tanto, neste medio tempo.

en medio / meyo. En medio, no centro.

per medeo / medio / meo / meogo. 1) Polo medio, no medio, “deulle hun tan gran colpe **por meo** dos peytos” (CT, I 99.30). 2) Pola metade, “et daua cõ ela grādes golpes en gisa que cortaua moytos corpos **por meo**” (MS, 90.10).

MEDO: *a medo.* Con medo,

temerosamente.

MELLOR: *polo mellor.* Da mellor maneira, “ar fezo-l' a ssa morte / que **polo mellor** morreu / rei que en seu lugar fosse” (CSM, 292.31). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

MENOS: *a meos.* Ao menos, polo menos.

MENTE V. boamente.

MENTIR:

por non mentir. Certamente, con toda a franqueza. OBS. Tamén se constrúe con OI: *por vos non mentir.*

sen (todo) mentir. De verdade.

MEOGO: *en este meogo.* V. **medio.**

MESMO: *por min (ti...) mjsmo / meesmo.* Por min (ti...) mesmo, persoalmente.

MESURA:

de mesura, por mesura. Comedidamente, con moderación. OBS. Cf. *sen mesura.*

sen mesura. Sen mesura, desmesuradamente. OBS. Cf. *de mesura, por mesura.*

sobre mesura. Moi, “ña segura / da Virgen santa e pura, / fremosa **sobre mesura**” (CSM, 405.23).

MIÚDO:

a meude, a mjude, a m̄jude. A miúdo. OBS. Atopamos ás veces a grafía conxunta: *ameude, amiude.*

por miudo. Polo miúdo, con gran detalle.

MORTE:

de morte. De morte, mortalmente, a punto tal que a vida periga.

de maa morte. Cunha morte mala [morrer].

NADO: *a nado.* A nado, nadando.

NOITE:

aa mea / medea / meya noite, a mea / meya noite. A medianoite. OBS.

Tamén se pode atopar a grafía conxunta de substantivo e adjetivo.

de noyte. De noite.

grā noyte. A altas horas da noite.

NOVO: *de nouo.* 1) De novo, “**de nouo lles queres fazer outro pesar**” (CT, II 79.11). 2) Recentemente, “*hāu jnfançō que y estaua, que entō auja y chegado **de nouo** a essa cerca de Seuilla*” (TC, 875.4). OBS. Tamén parece significar ‘por primeira vez’ en exemplos atopados noutros textos: “*et em aquela terra que te eu dey que poblases **de novo**, quando tu et tua compaña viestes primeyramēte [a m̄j] [que faças bem em ella et nō mal.]*” (XE, VI, 6/223). Emprégase frecuentemente como locución adxectiva co valor de ‘novo’.

NUNCA:

nunca ja mais / iamays. Nunca xamais.

nunca mais. Nunca más.

OÍR: *por la oyda.* De oídas, polo oído sobre algo ou alguén. “*esto acaesçe cada dia moytas vezes que quer õme bem a aquel a que nūca vyo. Et tem sua rrazō, et quer lle bem tā solamēte por la oyda*” (HT, 348.42). OBS. É o único exemplo atopado.

OLLO: *a ollo.* Claramente, de forma evidente, “*demais viian da nave / muitos a ollo morrer*” (CSM, 313.29).

ORDE: *por ordēe.* Por orde.

OUSO: *en ousso.* A pelo, sen sela.

OUTRO: *outro tanto.* Outro tanto, o mesmo.

PAR:

a par. 1) Ao lado, “*sigo a sobia ao ceo, / u ssé con el a par*” (CSM, 180.51). 2) Ao mesmo tempo, á vez, simultaneamente, “*E as orellas ll' abriu, / assi que tan tost' oyu, / e o sangue lle sayu / da lingu' e delas a par*” (CSM, 101.37).

en par. Completamente [abrir, cerrar].

par a par. Ao lado.

PARTE:

a a de parte, a de parte, a hāa parte, a parte. Á parte, a un lado, a / en outro lugar.

desde + X tempo + a esta parte. Desde hai X tempo a esta parte, desde hai X tempo ata este momento, “*tornou a cōtinuar seu jur e posisiō que el e aqueles de que(e)n el ouvo o dito paaço e vjnas sempre teuerō desde XXX, LX, XC anos a esta parte e más tempo*” (LNAP, 2504).

nulha parte. Nada, “*quant' eu de vós conhosco, / nulha parte non sabedes*” (Amigo, CXIII, 4).

por la mayor parte. Pola maior parte, na súa maior parte.

PASADA: *de passada.* De pasada, por riba, de xeito superficial, “*A testa ten enrugada e os olhos encovados, dentes pintos come dados... / e acabei, de passada*” (CE, 405.18).

OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

PASO:

meu (teu...) pass' e passo, passo et paso.
Paso a paso, lentamente.

meu (teu...) passo (calado). Pasenío, a modiño, “*ide vosso passo calado / e non leixedes i nada perder / se non a vós*” (CE, 83.11).

passo et passo. V. *meu (teu...) pass' e passo.*

PAZ: *a paz, en paz.* Sen discusión [pagar, poñer, quitar, sacar]. OBS. Termo xurídico, adoito en combinación con *a salvo, en salvo*. A expresión *en paz* ('tranquilo') é unha locución adxectiva.

PÉ:

a meu (teu...) pee. Polo meu (teu...) propio pé.

a pe, de pe. A pé, andando.

PECADO: *mal / mao pecado, mao meu (teu...) pecado.* Desgraciadamente, infelizmente.

PELEXA: *sen peleja.* Sen dúbida, “*mançebos collia / ben mandados, sen peleja*” (CSM, 67.22). OBS. Este significado é presentado nas CSM como hipotético. Tamén *sen contendaa*.

PENA: *a gran pena, a grandes penas.* Con moitas dificultades.

PEQUENO: *de pequeno.* De pequeno.

PERPETUO: *para yn perpetuo.* Para sempre, “*que vendo firmemente et dou por jur de herdade (...) a vós (...) que comprades para vós et para vosa muller (...) et para vosas e súas vozes e herdeiros para yn perpetuo*” (CN, 63.11). OBS. Atopei outro exemplo, en diferente texto, no que a fórmula latina aparece tamén precedida de *para*, o que me levou a lematizar así a expresión. Noutro caso a primeira preposición está ausente: “*quero e mando que os ajan en cada vn ano in perpetuo*” (GHCD, 107/462). Tamén *para perpetuo*.

PESAR: *a pesar ou a plazer.* Sexa como sexa, fose como fose, dunha ou outra maneira, “*a pesar ou a plazer a fazer lles conviña de entrar en el, ca aviā medo que viese outro peor tēpo*” (HT, 338.1). OBS. En HT o significado que se ofrece é 'no entanto, non obstante'. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

PODER:

a meu (teu...) poder. Da mellor maneira posible, na maior medida posible, empregando todos os esforzos, “*un seu pintor que punnava de pintar / ela muy fremos' a todo seu poder*” (CSM, 74.8). OBS. O substantivo aparece frecuentemente cuantificado con *todo*, como se pode observar no exemplo.

a poder, de poder. Emprégase como elemento ponderativo: moito, con

forza..., “*Martim de Cornes vi queixar / de sa molher, a gran poder*” (CE, 363.2), “*o rio corria de poder*” (CSM, 142.21). OBS. O substantivo pode aparecer modificado, cando menos coa preposición *a*: *a gran poder, a mays poder*.

POR:

per + min (ti...). 1) Por min (ti...) mesmo, “*cada un nembro per si mui de rig' estalava*” (CSM, 77.36). 2) Pola miña (túa...) propia vontade, “*Por que mentiu o desmentido / pesa-mi, pois per si é falido*” (Amigo, XVII, 14).

PORFÍA: *a perfia.* 1) Á porfía, competindo. 2) Persistentemente, tenazmente, “*Toda a noite ardeu a perfia / ali o fog*” (CSM, 39.10).

POS:

de pos. Atrás.

en pos / pus. 1) Detrás. 2) Despois.

POSTREMO: *a postremas.* Finalmente.

POUCO:

a per poucas, a poucas, cō pouco, per / por poucas, por pouco. Por pouco.

a pouca(s) / pouco(s) (de) + expresión de tempo, en pouco(s) / pouca(s) (de) + expresión de tempo. Pouco + expresión de tempo + despois. OBS. Exemplos sublematizados (forma modernizada): *a / en pouca de hora, a pouca de sazon, a pouca sazon, a pouco pois, a poucos de días, a poucos días, en pouco de tempo*.

cō pouco. V. *a per poucas*.

en pouco(s) / pouca(s) (de) + expresión de tempo. V. *a pouca(s) / pouco(s) (de) + expresión de tempo*.

per / por poucas. V. *a per poucas*.

por pouco. V. *a per poucas*.

pouco et pouco, meu (teu...) pouqu' e pouqu'. 1) Pouco e pouco, lentamente, “*forō logo tornādo as espadoas pouco et pouco et tirandose afora*” (TC, 6.39). 2) Aos poucos, de

forma intermitente, “*e vin aquí a Segobia morrer, ca non veg' i quen soia veer / meu pouqu' e pouqu', e por esso guardia!*” (CA, 5300). OBS. Non se ofrece significado en CA.

pouco nē moyto. Nin pouco nin moito, nada.

un pouco. Un pouco, algo.

PRAN: *a / de pran.* Realmente, certamente, francamente, “*de pran ¿cuidades que algun poder / ei eu, senhor, de me vus én guitar?*” (CA, 162), “*E quen tal coita non ouver', / o al on lh' é coita, de pran!*” (CA, 3640). OBS. Cf. *de chão*.

PRAZA: *en plaça / praça.* En público, publicamente.

PREITO: *per niun preito.* Emprégase como reforzo da negación: de ningunha maneira, “*poren per niun preito / non quis combater mandar*” (CSM, 28.107).

PRÉSA: *a presa.* Á presa, rápido. OBS. A locución sublematizada en MS está cuantificada: *a grā presa*.

PRESENTE: *ao (de) presente.* Ao presente, agora, “*que ao de presente máys nō se accordaua*” (LNAP, 2716), “*outras casas que forō de Pero Gomes en que ao presente vjve Costança Gomes*” (CN, 69.18).

PRETO: *a perto / preto.* Preto, cerca.

PREZO: *por preço certo.* De acordo cun prezo establecido de antemán.

PRIMEIRO:

aas primeiras. Ás primeiras de cambio, xa ao principio de todo, “*pois el, aas primeiras, / quer de mi levar o meu*” (CE, 114.13).

da primeira. De primeiras, primeiro, “*Quand' esto viu a moller, ouve pavor / da primeir', e pois tornou-sse-l' en sabor*” (CSM, 21.56).

de primeiro. 1) Primeiro, en primeiro lugar, “*catar foi logo de primeiro / u*

as sas armas ante leixou” (CSM, 15.124). 2) Ao principio, antes, “*segundo que a de primeyro tijña*” (LNAP, 2511).

PUNTO:

de todo pūto. Integralmente, completamente, “*et acontesçendo de arder as ditas casas ou caer de todo pūto*” (CN, 51.45).

en bon ponto. En boa ora (emprégase para mostrar satisfacción polo feito que acompaña), “*en bon ponto el tan muito leeu, / ca per[i] o preçan condes e reis*” (CE, 42.15). OBS. Tamén *bom dia*. Cf. *en forte ponto*, (*en mal / mao ponto, en ponto mao*).

en forte ponto, (en) mal / mao ponto, en ponto mao. En mala hora (emprégase para laiarse do feito que acompaña), “*Don Pedr', en Vila Real, / en mao ponto vós tanto bevestes*” (CE, 17.20). OBS. Tamén (*en*) *grave dia*, (*en*) *mal / mao dia, en forte ora, en mal ora*. Cf. *en bon ponto*.

en pōto. Axiña, ao momento, “*mais logo en pōto pensou en al'*” (HT, 138.43).

mal / mao ponto. V. *en forte ponto*.

nen ponto. Nada, en absoluto, “*nē a ela nō lle pesou nē ponto*” (HT, 184.29).

PURIDADE: *en poridade / puridade.* En segredo, secretamente. OBS. Tamén con posesivo: “*fillou un vaso de prata / alá en ssa poridade*” (CSM, 175.23).

QUANDO: *quando e quando.* De cando en cando.

QUEDO: *meu (teu...) quedo.* De vagar, a modiño, “*se pois virdes que vo-la non dá, / ide sarrar a porta, vosso quedo*” (CE, 192.11). OBS. Non atopei más exemplos que verifiquen o significado e a construción indicados.

QUERER:

(a) *como quer, en como quer.* Como sexa, como fose, “*ond' á mester / que*

a leixes e te vaas / comigo a como quer" (CSM, 42.69).

quan pouco quer / xiquer. Por pouco que sexa, áinda que sexa pouco, "sêrvia-
vos ome quanto poder, / se vos desvia
quan pouco xiquer, / ides log' ome
trager come can" (CE, 75.6).

RAÍZ: *de raiz.* Desde o principio "Pois os doux ben *de raiz*, / segund' este conto diz / e dissemos, a Fiiz / ouveron todo contado" (CSM, 135.144).

RANDÓN: *a rrādom, de randon, en rrendon.* Impetuosamente, con forza.
OBS. En HT o significado que se ofrece para a expresión *a rrādom* é 'ao azar, á ventura': "Quādo virō os troyanos que os gregos aportauam, sayron todos a elles cada hū como mays podia yr, em tal maneira que nēhū nō podia atender prinçepe nē señor mays yam todos *a rrādom*, et forō todos asñados moy agyña ēna rribeyra" (HT, 122.17). É o único exemplo que atopo coa preposición *a*.

RAVATA:

de ravata. De improviso, de súpito.

sen ravata. Sen presa. OBS. É difícil saber se estamos ante unha expresión fixa ou non. Só atopei o substantivo precedido de *de e sen*.

RAZON:

a razon, de rrazō. Con razón, xudiciosamente, "Quen a sesta quiser dormir, / conselhá-lo-ei *a razon*" (CE, 350.2), "Eutor era prinçipe et señor de todo et bem o deuya seer *de rrazō*" (HT, 129.14).

en bōa razon. Con razón, xustificadamente, "Mais da gran coita do meu coraçon / non lh' ei a dizer ren / que lh' eu diria *en bōa razon* e lh(e) estaria ben!" (CA, 1622).

en + det + razon. De + det + maneira.

OBS. Determinante sublematizado:
tal.

per / por razon. Con razón, xustificadamente.

REDO: *de redo.* Por atrás, desde detrás.

REDONDO: *a a redonda.* Ao redor, "çercarō a çidade e cõbaterõna *a a rredonda*" (HT, 348.9).

REDOR: *a / en redor.* Ao redor.

REDRO: *a redro.* Cara atrás.

REN:

de ren. Emprégase como reforzo da idea negativa: nada, "Logo o fezeron sen tardar *de ren*" (CSM, 187.24).

nulla ren. Nada, "Ja eu non ei oymais por que temer / *nulla ren Deus*" (CA, 9184).

per nehūa / nulla ren. Emprégase como reforzo da negación: en absoluto, de ningún modo, "o demo enton *per nulla ren / nona connoceu*" (CSM, 17.67). OBS. Tamén *per / por ren*. V. **guisa, maneira, sen.**

per / por + det + ren. De + det + maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada): *ningunha, nula, outra.* Con todo, algunas das expresións poden ter un significado irregular (V. *per nehūa / nulla ren*). V. **guisa e maneira.**

per / por ren. 1) Dalgunha maneira, "se eu *per ren poss'* aver seu amor, / dou ao demo os outros amores" (CSM, 10.21). 2) Emprégase como reforzo da negación: de ningún modo, "se a quiserdes tēer, / nōna tenhades *per ren ant' el-Rei*" (CE, 19.9). OBS. Na acepción 2 tamén *per nehūa / nulla ren, per ren que seja*. V. tamén **guisa, maneira, sen.**

per ren que seja. Emprégase como reforzo da negación: por nada do mundo, "Guardan-me d' el e que o non veja / e non me leixan, *per ren que seja, a Santa Maria ir*" (Amigo,

- CCCLIII, 6). OBS. Tamén *per / por ren, per neñña / nulla ren.*
por + det + ren. V. *per + det + ren.*
por ren. V. *per ren.*
sen outra ren. Sen máis, simplemente, “*logo, sen outra ren, / de todos aqueles maes / guariu*” (CSM, 256.35). OBS. Tamén *sen al, sen outra ren.*
- RENDÓN** V. **randón.**
- RETALLO:** *a retalho.* Polo miúdo, en pequenas cantidades [vender].
- RIXO:** *de riego / rigio / rijo / rrejeo / rexo.* Fortemente, violentamente.
- ROMARÍA:** *en romaria.* En romaría, en peregrinación.
- SABER:** *a sabendas.* A sabendas.
- SALVO:** *a saluo, en salvo.* Sen perigo, tranquilamente, con seguridade, “*pois o fundamento aberto for, / alt' e ben batudo, pode lavrar / en salvo sobr' el*” (CE, 304.17), “*en tal que lhi non podess' escapar / nen lhi podesse en salvo fogir, / filhou o espeto, en son d' esgremir*” (CE, 140.20). OBS. Utilízase adoito como termo xurídico en coordinación con *a paz, en paz.*
- SAZÓN:**
aa sasõ. Daquela, entón, naquel intre.
en todas sazões, toda sazon. Sempre.
ne húa sazon, nulha sazon. Nunca.
outra sazon. Antes, noutrora, “*logo veerán / teus ollos tan ben come outra sazon / viron*” (CSM, 138.45). OBS. Tamén *outra vez, outra vegada.*
A expresión ten ademais o significado regular de ‘outra vez’.
toda sazon. V. *en todas sazões.*
- SEMPRE:**
para sempre (jamais), para todo sempre jamais. Para sempre xamais.
por sempre (jamais). Por sempre, para sempre, por sempre xamais.
sempre jamais / ja mays. Sempre.
- SEN:**
- de sen, en (gran) sen.* Con razón.
per neun / nenhun / niun sen. Emprégase como reforzo da negación: de ningún modo, “*per niun sen / sol non lle foss' outorgado*” (CSM, 135.53). OBS. V. tamén **guisa, maneira, ren.**
- SOBEXO:** *en sobrejo.* Demasiado.
- SOBREGUISA:** *a sobre guisa, a sobregisa.* Emprégase como elemento ponderativo: moi, sumamente, moito, “*Os gregos seyrō de suas tendas orgullosos et sanudos a sobregisa*” (CT, II 114.25).
- SOBREVENTA:** *de sobre venta, de sobreventa.* Inesperadamente, de súpeto.
- SOLAZ:** *en solaz.* En broma.
- SÓLIDO:** *en soldū.* In solidum, solidariamente. OBS. Termo xurídico.
- SOLTO:** *a soltas.* Libremente, sen obstáculos.
- SON:**
en bon son. De maneira agradable, “*Virgen Santa mans' e en bon son / confortou o frade*” (CSM, 82.48).
en + det + son. De + det + maneira. Determinante sublematizado: *tal.*
en mal son. De maneira desagradable ou triste, “*E muitos oí eu oj' e[n] mal son / dizer por vós [atal]: que, a feito, / sodes cego*” (CE, 419.7). OBS. En CE dáse o significado ‘maliciosamente, con mala intención’.
- SOÑO:** *en soños / sonos.* En soños.
- SUSO:** *de suso.* 1) Encima, enriba, “*poseron-lle de suso o livro das Cantigas / de Santa Maria*” (CSM, 209.3). 2) Arriba, “*et lle deitara a cinta asi como vos ja de suso disemos*” (MS, 233.22). OBS. Co significado 2 emprégase para remitir a un lugar anterior do texto.
- TAL:** *tal nen qual.* Absolutamente nada, “*Dous anos foron que nunca / falara*

el tal nen qual' (CSM, 324.45).

TALANTE:

de bon talan. De boa vontade, “Esto farei de bon talan” (CSM, 64.66).

TAN:

atan / tan muito. Tanto, tan.

tan solamente. Tan só, únicamente.

TANTO: *tanto por tanto. Pola mesma cantidade, “que o ajamos tāto por tanto como outro por el der et nō por más”* (CN, 25.28).

TARDADA: *sen (outra) tardada. Sen más tardar, axiña, inmediatamente. OBS. Tamén sen (outra) tardanza, sen (outro) tardar.*

TARDANZA: *sen (outra) tardanza. Sen más tardar, axiña, inmediatamente. OBS. Tamén sen (outra) tardada, sen (outro) tardar.*

TARDAR: *sen (outro) tardar. Sen más tardar, sen más demora. OBS. Tamén sen (outra) tardada, sen (outra) tardanza.*

TEMPO:

ante tempo. Antes de tempo, prematuramente.

em todo tempo. Sempre.

TODO:

de todo, en todo. De todo, totalmente, completamente, “quiso prouar se avia perdido de todo o siso” (HT, 88.43), “et os que nō creuerō forō logo cegos en todo” (MS, 230.20). OBS. Tamén de todo en todo.

de todo en todo. 1) Totalmente, completamente, “foy destroydo de todo en todo” (HT, 14.38). 2) Con toda certeza, con toda seguridad, “pois viu que seria / de tod' en tod' enfarcado” (CSM, 355.83). OBS. Coa acepción 1 tamén de todo, en todo.

en todo. V. de todo

en todo + dem. neutro. Mentreiso (isto...) sucedía. OBS. Demostrativos

sublematizados (forma modernizada):
esto, isto, eso, aquelo, aquilo.

por todo. En total, en suma, “et tē por todo sateēta et çinquo marquos de plata” (MS, 164.4). OBS. Tamén *per / por (toda) conta.*

TON: *en ton. Moderadamente, “Escasso foi o infançon / en seus couces partir en ton”* (CE, 296.8). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

TORTO:

*a torto. Sen razón, inxustamente. OBS. Aparece adoito modificado con *gran* (*a gran torto*). De por parte, é frecuente a coordinación da expresión con *a dereito* (*a torto nen a dereito*), co significado de 'nin xusta nin inxustamente'.*

a torto et a trauesso. De todos os modos posibles.

TOSTE: *atan toste, tan toste. Inmediatamente, “deitou-ss’ o novio primeiro / e tan toste ss’ adormyu”* (CSM, 42.63).

TRAVÉS:

a trauesso. Ao través, atravesando de parte a parte, “ferindo adestro et asestro et atraueso” (CT, II 86.4). OBS. Como pode observarse, escríbese frecuentemente en grafía conxunta.

de trauesso. Lateralmente, “et entō vēo dō Fernan Rruyz de trauesso et disse” (TC, 710.12).

TREBELLO: *en trebello. En broma.*

TROPEL: *en tropel. En tropel, en multitud e desordenadamente.*

UN:

en ū. Conxuntamente, “ela asi o fazia que ambos albergauā en hū cada vez” (HT, 86.42).

hūu a outro, hūu ao outro. Mutuamente, entre si.

hūu por hūu, vn por hu, hūu por outro.

Un a un, un contra un.

VAGAR:

de vagar, de meu (teu...) vagar. De vagar, lentamente, “sayo da casa descalça... et foy de seu vagar” (HT, 28.36), “tornaron non de vagar / u seu jantar tñan” (CSM, 159.17). *sen vagar, sen outros vagares.* Sen demora.

VAN: *en vão, en vaao.* 1) En van, inutilmente, sen resultado, “non quis usar **en vão / ssa vida**” (CSM, 196.54). 2) Sen motivo, sen xustificación, “Amigo louçao, / que faria per amores, / pois m' errastes tan **en vão?**” (Amigo, II, 15).

VAO: *a vao.* A pé.

VEGADA:

a vegadas. Ás veces. OBS. Tamén *a veces.*

outra vegada. Outrora, antes. OBS. Tamén *outra sazon, outra vez.* A expresión ten ademais o significado regular de 'outra vez'.

VENTURA: *per / por ventura, pela / pola / por la ventura.* 1) Por ventura, acaso, “E se **por ventura** vós, o dito notario, rrefusardes en mādar este testimoyo por ser en casa do dito señor, pjdolo por testimoyo signado” (LNAP, 1863). 2) Por ventura, quizais, se cadra, “Pelias temja se del que **por ventura** que o mataria” (HT, 18.20).

VERBO: *de verbo a(d) verbo.* Literalmente, ao pé da letra.

VERDADE:

de verdade. De verdade, realmente.

en verdade. En verdade, certamente.

por verdade. Verdadeiramente, certamente.

VEZ:

aas vezes, a vezes. Ás veces. OBS.

Tamén *a vegadas.*

de + det + vez. (De) + det + vez.

Determinantes sublematizados: *esta, esa, aquela, outra, a primeira.*

outra vez. Outrora, antes. OBS. Tamén *outra sazon, outra vegada.* A expresión ten ademais o significado regular de 'outra vez, noutra ocasión'. *toda vez.* Sempre, “Estes seus omes tracia / con crischãos **toda vez** / por saber mais sa fazend” (CSM, 165.15). OBS. Non se ofrece significado nas CSM. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

VÍA:

toda via. 1) Sempre, “el dizia **toda via** que nō et elles que si”, (HT, 12.40). 2) Sexa como sexa, por tódolos medios. “mays **toda via** fazede en guisa que bem çedo de mañña seja a villa cercada por força ou por al”, (HT, 121.28). OBS. Tamén grafía conxunta. Funciona así mesmo como conectador de oposición.

VOLTA: *de volta, en uolta.* Xuntamente, conxuntamente, “Et os del rrey dom Fernando entrarō ala cō elles **de volta**” (TC, 721.22).

VONTADE:

de bōa voõtade. De boa vontade.

de voontade. De corazón, sinceramente.

VOZ:

(a) *altas vozes, a grandes vozes, a gran voz.* A voces, en voz moi alta. OBS. En CN, para (a) *altas vozes* ofrécese o significado 'en voz alta'. No entanto, os exemplos recollidos (sempre en relación ao feito de pregoar) e a mesma construcción parecen implicar necesariamente unha intensificación da voz.

(a) *alta voz, en voz alta.* En voz alta.

a grandes vozes, a gran voz. V. *a altas vozes.*

a hūa voz. Unanimemente, de común acordo, “Et entō todo los rromeus **a**

húa voz chamarō Santiago que os ajudase” (MS, 189.12).
 altas vozes. V. a altas vozes.
alta voz. V. a alta voz.
 en voz alta. V. a alta voz.

XA:

ja quando. Algunha vez, “rogou-a / que lle déss' algn poder, / per que **ja quando** podesse / a sua missa cantar” (CSM, 206.38).
ja quanto / tāto. Un pouco, algo, “Et os mouros fastarōse **ja quanto** a afora, et os cristiāos ficarō ali suas azes” (MS, 126.1), “foron todos / porem **ja quanto** queixosos” (CSM, 159.23), “Et **ja tāto** dultaū et se rreçeaū dos de fora” (HT, 194.15).

XAMAIS:

ja maes / mais. 1) Sempre, “todos loaron / a Virgen por est' e loarán **ja maes**” (CSM, 114.54). 2) Xamais.
ja mais nunca, jamays nūca. Nunca xamais.

XERAL: en gēeral. En xeral.

XOGO: en jogo. En broma.

XUSO: a juso, de juso. 1) Debaixo, “E como do as a face / devia jazer **de juso**, / fez per ssi dad' a sa parte, / e tornou-ss' o as de ssuso” (CSM, 214.45). 2) Abaixo, “Et porque esto seja certo outorgamos esta carta de poder por ante notario publico et testemoyas **a juso** scriptas” (ACS, 194). OBS. Co significado 2 as locucións empréganse para remitir a un lugar posterior do texto.

4. Bibliografía

4.1. Obras incluídas no DDGM

- [ACS] TATO PLAZA, Fernando R. (1986): *Léxico das Actas do Concello de Santiago (1416-1422)*, Glosario (A-D), texto e concordancia. Vol. I: Glosario (A-D). Memoria de licenciatura. Universidade, Santiago de Compostela.
- [Amigo] NUNES, José Joaquim (1926-1928): *Cantigas d' Amigo dos trovadores galego-portugueses*. Vol. III. Imprensa da Universidade, Coimbra [glosario nas páxs. 577-704].
- [CA] VASCONCELOS, Carolina Michælis de (1920): “Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*” en *Revista Lusitana* 23,1920,1-95 [reproducido en Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990].
- [CE] LAPA, Manuel Rodrigues (1965, 1970²): *Vocabulário galego-português, extraído da edição crítica das Cantigas d' escarnho e mal-dizer*. Galaxia, Vigo.
- [CN] BARREIRO GARCÍA, M. Carme (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento. Universidade, Santiago de Compostela [glosario nas páxs. 157-506].
- [Cronol.] LORENZO, Ramón (1968): *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português. (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Galaxia, Vigo.
- [CSM] METTMANN, Walter (1972): *Cantigas de Santa María*. Vol. IV: Glossário. Universidade, Coimbra [reproducido en Xerais, Vigo, 1981 e Castalia, Madrid, 1989].
- [CT] PARKER, Kelvin M. (1958): *Vocabulario de la Crónica Troyana*. Universidad, Salamanca.

- [HT] PARKER, Kelvin M. (1977): *Vocabulario clasificado de los folios gallegos de la Historia Troyana*. Applied Lit. Press, Michigan.
- [LNAP] TATO PLAZA, Fernando R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela [glosario nas páxs. 223-711].
- [MS] BARREIRO GARCÍA, M. Carme (1985): *O léxico dos Miragres de Santiago*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- [TC] LORENZO, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II: Glosario. Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, Ourense.
- MIGUEL CLAVÉ, M. de (1977): *Vocabulario de gallego medieval en documentos del s. XIII anteriores a 1275*. Memoria de licenciatura. Universidad de Valladolid.
- NUNES, José Joaquim (1932): *Cantigas d' Amor dos Trovadores galego-portugueses*. Imprensa da Universidade, Coimbra [glosario nas páxs. 535-547].

4.2. Outras obras medievais citadas nos exemplos

- [CDSO] ROMANÍ MARTÍNEZ, M. (ed.) (1989-1993): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*, 3 vols. Tórculo, Santiago de Compostela.
- [CI] SOUTO CABO, J. A. (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Iria*. Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos, Santiago / Edicións do Castro, Sada.
- [GHCD] LÓPEZ FERREIRO, A. (ed.) (1901): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Tipografía Galaica, Santiago de Compostela.
- [XE] MARTÍNEZ LÓPEZ, R. (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Universidad, Oviedo.

4.3. Outras referencias

- GONZÁLEZ SEOANE, E. (en prensa): “Xénese e desenvolvemento do *Dicionario de diccionarios do galego medieval*” en BOULLÓN AGRELO, A. I., COUCEIRO PÉREZ, X. L. e FERNÁNDEZ REI, F. (coords.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos ó profesor Ramón Lorenzo*. Universidade, Santiago de Compostela.
- PENA, X. A. (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Edicións do Cumio, Vigo.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2000³): *Diccionario de diccionarios*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- VARELA BARREIRO, X. (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela (<http://corpus.cirp.es/tmilg>).